



CONCELLO DA POBRA DO BROLLÓN.

RAFAEL CASTILLO REBOIRO, SECRETARIO DO CONCELLO DA POBRA DO BROLLÓN. (LUGO).

CERTIFICO.- Que pola Xunta de Goberno Local do Concello en sesión ordinaria celebrada o día cinco de agosto de dous mil trece, adoptáronse os acordos que figuran no...

...BORRADOR DA ACTA DA SESIÓN ORDINARIA CELEBRADA POLA XUNTA DE GOBERNO LOCAL DO CONCELLO O DÍA CINCO DE AGOSTO DE DOUS MIL TRECE.

José Luís Maceda Vilariño
Ricardo Rodicio González
Josefa Rodríguez Rodríguez

No Salón de Sesións da Casa Consistorial do Concello da Pobra do Brollón, sendo as once horas do día cinco de agosto de dous mil trece, e baixo a presidencia do alcalde, José Luís Maceda Vilariño, reuníronse os concelleiros que se relacionan á marxe, en total coa Presidencia tres, para celebrar sesión ordinaria da Xunta de Goberno Local do concello. Non comparece o concelleiro Manuel González Moreira.

Asiste como secretario quen o é da corporación, Rafael Castillo Reboiro, que dá fe do acto.

Sendo a hora indicada, pola presidencia declárase aberta a sesión e éntrase no estudio da seguinte

ORDE DO DÍA:

1º.- APROBACIÓN, NO SEU CASO, DE ACTAS ANTERIORES.

Por unanimidade se acorda a aprobación da acta da sesión da Xunta de Goberno Local celebrada o día dezasete de xullo de dous mil trece.

2º.- CONTA DE GASTOS.

Dáse conta da seguinte proposta da Alcaldía:

Vista a seguinte relación de gastos efectuados polo Concello, propoño á Xunta de Goberno Local a súa aprobación.

Empresa	Concepto	Importe	
Codisoil S.A.	Gasóleo vehículos	1.906,50	1.906,50
Corporación Mpe Servicios Prevención	Servizo de prevención de riscos laborais	94,42	94,42
Diario El Progreso	Subscrición El progreso	50,00	
	Subscrición El progreso	27,00	77,00
Diputación de Lugo	Edicto sobre licenza para depósito de GLPA	19,63	19,63
Docasar López Antonio Boris	Cinco copias de chaves.	6,05	6,05
Ferretería Rivera C.B.	Diverso material augas	192,13	485,25
	Diverso material campo de fútbol	14,52	
	Diverso material para o almacén	160,62	

Empresa	Concepto	Importe	
	Diverso material, tubos de formigón para camiños	117,98	
Gas Natural S.U.R.	Recibos de enerxía eléctrica	692,78	8.539,86
	Recibos de enerxía eléctrica	7.847,08	
Pérez Vega Ángel	Dúas figuras galos festa dos avós	130,00	675,88
	Placa homenaxe prata sarxento Cortiñas	75,00	
	Reloxo médico campionato de BTT	120,00	
	Tres placas homenaxe cantores Margaride do Lor	75,00	
	Trofeos campionato galego de BTT	275,88	
Quivacolor	Bio-2000 Dc 90 material diverso	670,64	1.197,35
	Seis bobinas de papel e 48 litros de SOFT-L	526,71	
Raúl E Hijos S. L.	Reactancias, magnetotermo e man de obra	192,61	192,61
Recambios Trm, S.L.	Desengrasante motores Gegor	47,60	47,60
Sarriana de Extintores S.L.	Retimbrado e revisión de extintores	392,04	392,04
Siemens Renting S.A.	Arrendamento fotocopias mes xuño	152,65	152,65
Sogama	Factura de tratamento de residuos me xuño 2013	2.014,77	2.014,77
Talleres Emabe S.L.	Cabezal rozadoira	33,15	1.216,78
	Material diverso para tractor matricula E1237BFG	188,63	
	Reparacións de vehículo LU103607VE	995,00	
Telefónica Móviles España S.A.	Recibo teléfono 7 liñas móbiles	29,47	29,47
Vide y González C.B.	Diverso material avaría augas Rairos	130,68	348,48
	Material diverso de avaría de Fornelas	127,05	
	Material reparación avaría Eixón	90,75	
Xunta de Galicia	Publicación edicto en DOG depósito de GLPA	108,40	108,40
Total		17.504,74	

Sometida a votación a anterior proposta, por unanimidade acórdase a súa aprobación.

3º.- LICENZAS.

+ Dáse conta da seguinte proposta da alcaldía:

Visto o expediente promovido por Busto Rural SL con NIF B-27.343.230, representado por D. Pedro Yáñez Britos con D.N.I. número 30.637.656-T solicitando Licenza Municipal para a instalación e funcionamento dun centro de almacenamento e rede de distribución de GLP na parroquia de Saa, lugar do Busto, actividade sometida a avaliación de incidencia ambiental.

RESULTANDO: Que o proxecto técnico e demais documentación foron admitidos a trámite por Decreto da Alcaldía.

CONSIDERANDO: Que o proxecto técnico reúne os requisitos esixidos e que na memoria descríbense en extensión e detalle as características da actividade, a súa posible repercusión sobre a sanidade ambiental e as medidas correctoras necesarias para garanti-la tranquilidade, salubridade e seguridade cidadáns e a súa adecuación ó medio ambiente.

CONSIDERANDO que a localización proposta é conforme co uso urbanístico asignado para a zona nas normas subsidiarias provinciais aprobadas pola Xunta de Galicia, non está en contradicción co disposto en acordos e ordenanzas municipais sobre a materia, se respectan as distancias previstas e non existe actividade municipalizada con monopolio que resulte incompatible.

CONSIDERANDO que na zona ou nas súas proximidades non concorren outras actividades análogas xeradoras de efectos aditivos.

Vistos o Decreto 133/2008 de 12 de xuño e demais disposicións concordantes de aplicación, propoño á Xunta de Goberno Local a adopción do seguinte acordo:

1.- *Informar favorablemente a concesión de Licencia Municipal instada por Busto Rural SL para a explotación instalación e funcionamento dun centro de almacenamento e rede de distribución de GLP na parroquia de Saa, lugar do Busto.*

2.- *Dar traslado do expediente completo á Administración Autonómica para os efectos previstos no artigo 9 do referido Decreto.*

Sometida a votación a anterior proposta por unanimidade acórdase a súa aprobación.

+ Dáse conta da seguinte proposta da Alcaldía:

Vista a solicitude da interesada, os informes do arquitecto municipal e a autorización da Dirección Xeral do Patrimonio Cultural da Xunta de Galicia, propoño á Xunta de Goberno Local que adopte o acordo seguinte.

1.- *Autorizar á asociación de veciños Os Mouros de Castro de Abrence, con NIF G-2785881, representada por D. José Vega Rodríguez con DNI número 34.242.137-J para o acondicionamento do entorno nos lugares da Fonte e A Casanova, parroquia de Abrence e a creación dunha área recreativa.*

2.- *Na execución das obras darase estrito cumprimento ás condicións establecidas na autorización da Dirección Xeral do Patrimonio Cultural da Xunta de Galicia e nos informes do técnico municipal.*

3.- *Esta licenza que se concede salvo dereitos de propiedade e sen prexuízos a terceiros carecerá de valor sen o pago previo da liquidación por importe de cincocentos noventa e dous euros con corenta e oito céntimos (592,48€) que obra no expediente.*

Sometida a votación a anterior proposta, por unanimidade acórdase a súa aprobación.

+ Dáse conta da seguinte proposta da Alcaldía:

Vista a solicitude do interesado e o informe do arquitecto municipal, propoño á Xunta de Goberno Local que adopte o acordo seguinte.

1.- *Autorizar a D. Juan Álvarez Prieto con DNI número 34.249.507-T para o peche con bloques e tela metálica nun longo de 220 metros dunha finca no lugar da Estación, parroquia de Abrence (referencia catastral 27047A037000270000SA).*

2.- *Na execución das obras darase estrito cumprimento ás condicións establecidas no informe do técnico municipal.*

3.- *Esta licenza que se concede salvo dereitos de propiedade e sen prexuízos a terceiros carecerá de valor sen o pago previo da liquidación por importe de cento noventa e seis euros con sesenta e tres céntimos (196,63€) que obra no expediente.*

Sometida a votación a anterior proposta, por unanimidade acórdase a súa aprobación.

4º.- TAXAS MUNICIPAIS.

Dáse conta da seguinte proposta da Alcaldía:

Visto o escrito da interesada e a documentación que xunta, na que se demostra unha duplicidade no recibo do lixo, propoño á Xunta de Goberno Local que adopte o acordo seguinte:

1.- *Dar de baixa no padrón do servizo de recollida de lixo ao abonado 1003 correspondente a D^{na}. Gloria Blanco Núñez con DNI número 34.219.277-S.*

2.- *Proceder á devolución dos recibos de dito abonado correspondentes a 2010, 2011 e primeiro semestre de 2012.*

Sometida a votación a anterior proposta, por unanimidade acórdase a súa aprobación.

Non habendo máis asuntos de que tratar, levántase a sesión pola presidencia cando son as once horas e vinte minutos do mesmo día, de todo o cal eu, secretario, dou fe.

Así resulta do borrador da acta da sesión a que me refiro, e para que conste ós efectos oportunos, e coa salvidade prevista no artigo 206 do Regulamento de Organización, Funcionamento e Réxime Xurídico das Corporacións Locais, expido a presente de orde e co visto e prace do alcalde na Pobra do Brollón a seis de agosto de dous mil trece.

v. e pr.

O alcalde,

